



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

29 de xullo de 2024

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 21:25

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ





33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 758/2024. Dación conta resolucíons da alcaldía dende o Nº 2024-0412 ata o 2024-0590

Dase conta das reolucíons da alcaldía dende o Nº 2024-0412 ata o Nº 2024-0590.>>

2. Expediente 279/2024. APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2023.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2023

De acordo co apartado primeiro do artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente. No apartado 2 do dito artigo dispónse que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

De acordo co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as funcións das Comisións Informativas (entre as que se atopa a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno deste Concello) atópanse as de “*estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno*”, sen embargo o artigo 20.1.e) da Lei de base de réxime local establece como obrigatoria a Comisión Especial de Contas, cuxas funcións son, como dicta o artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia as de exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

A Conta Xeral quedará exposta ao público mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinar e presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de





conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, modificado na disposición final décimo novena da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

No caso de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións durante o período de exposición pública non se volverá a celebrar Comisión Especial de Contas e o expediente, xunto co dito informe elevaráse directamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Cumprimentado en data 21/06/2024 (BOP nº 143 de data 21/06/2024) o trámite legal de exposición ao público da dita Conta Xeral, previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e sen que se presentara ningunha reclamación (informe rexistro 17/07/2024 procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas a proposta de aprobación da conta xeral.

Vista a proposta de resolución PR/2024/533 de 17 de xullo de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e cos votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado a Conta Xeral do Concello de Guitiriz correspondente ao exercicio económico 2023 nos termos que constan no expediente, integrada polas Contas Anuais do propio Concello e a documentación legalmente establecida.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2 /2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta, o voceiro do PP di que eles reitéranse no que dixeron na Comisión de Contas polo que entenden que non hai que debatelo e que se van abster.

O voceiro do BNG di que eles na Comisión Especial de Contas votaron en contra polos motivos que vimos reiterando hai anos, debido a falta de habilitación do patrimonio municipal do solo e do inventario municipal de bens. É un tema que levamos solicitando fai anos a diferentes Gobiernos porque consideramos que son dous elementos imprescindibles para poder aprobar unha Comisión de Contas que estea baseada nuns mínimos criterios para comprobar si esas contas están ben feitas ou non. Polo que mantemos a postura do non e é o que imos votar neste pleno.

O voceiro do PP di que eles na Comisión xa comentaron que lle prestan unha especial atención ao des-aforro considerable que se producía ese ano, de setecentos e pico mil





euros, e por outro lado que lles parece interesante ter os inventarios dos bens do concello ao día para que o reflexo das contas sexa o mais fiel posible.

Tamén lle dixemos que o noso voto sería abstención dándolle unha oportunidade ao Goberno para que o próximo ano tomen en conta esas consideracións e poidan estar arranxadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa que di que entende que cando o voceiro do PP fala de des-aforro refírese a partida de remanente que había no seu momento e que se foi gastando en distintos investimentos/gastos que eran necesarios, polo que quero recordar que o concello non esta para aforrar sino para dar servizos aos cidadáns, e todos eses gastos fixéronse de acordo coa lexislación vixente.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do BNG e abstención do PP.

3. Aprobación da acta da sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do PP, aprobou a acta de data 30 de maio de 2024.

4. Expediente 701/2024. Suplemento de crédito financiado con remanente de tesorería 3-2024.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA SUPLEMENTO DE CREDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESORERÍA 3/2024.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en suplemento de crédito por importe de 78.612,23 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade





financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

Vista a proposta de resolución PR/2024/525 de 16 de xullo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 17 de xullo de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e cos votos en contra do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 3/2024 polo importe total de 78.612,23 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais:

Transporte da carroza dos reis magos a Coruña para acondicionamento e realizar recorrido	338.22 799	1.452, 00
Proxecto e dirección de obra de canalización de servizos eléctricos	165.22 706	6.957, 50
Mantemento do software licenza READY dos contadores da auga	161.22 799	2.299, 02
Certificación final de obra "Acondicionamento de mellora dos accesos ao núcleo de Pardiñas	454.61 900	9.714, 04
Reparación do vehículo 7384 KVV	1621.2 1400	1.648, 02
Reparación de vehículo 3901 DRZ	1621.2 1400	1.317, 47
Servizo de hotel dende o 3 ao 15 de marzo, 2 hospedes, 12 noites. Programa Ineco Rural	334.22 799	888,1 0
Gastos pola segregación e determinación de resto da notaria de Andrea Ibarra Blanco. Protocolo 136/2024	920.22 799	1.362, 94
Gastos pola desinfectación das escolas dos Vilares	920.22 799	219,7 5
Mantemento de programa de CIBERSAD WEB.	231.22 799	2.504, 70
Servizo de animación de actividade de fin de curso	326.22 699	463,4 3
Subministro de vestiario para persoal do SAF	231.22 104	3.500, 00
Gastos para execución de sentenza por responsabilidade patrimonial.	920.22	2.000,





	604	00
Contrato de asistencia para o contrato mixto de subministro de enerxía eléctrica	165.22 709	16.94 0,00
Aportación municipal para a auditoría de saneamento	160.22 706	3.400, 00
Redacción do proxecto de Saneamento no núcleo de Mesón da cabra. 2º fase	160.22 706	1.186, 51
Aportación para gastos do campamento de verán	340.22 799	1.200, 00
Sonorización de eventos musicais en Parga	334.22 699	1.058, 75
Promoción da cultura. Gastos diversos	334.22 699	18.00 0,00
Servizo de conciliación no colexio de Parga	231.22 799	2.500, 00
TOTAL		78.61 2,23

INGRESOS:

APLICACION	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesouraría para gastos xerais.	78.612,23
TOTAL		78.612,23

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que estamos novamente ante unha modificación orzamentaria de suplemento de crédito financiada co remanente de tesouraría.

O informe de intervención di que a data do presente informe esta modificación do remanente de tesouraría para gastos xerais pendentos de usarse en modificacións do orzamento é de 270.330,06 €.





Por outra banda, a súa falta de previsión orzamentaria queda outra vez posta de manifesto vendo as partidas para as que se manda o crédito, como é:

-Transporte da carroza dos reis magos a Coruña para acondicionamento e realizar o recorrido, 1.452 euros. Ou ben vostedes non sabían que a carroza non cumpría coa súa función para devandita tarefa ou ben estaban pendentes de que as súas maxestades confirmasen o paseo por Guitiriz, porque senón non se entende que non estivese contemplado no orzamento.

-Certificación final de obra “acondicionamento de mellora dos accesos ao núcleo de Pardiñas” por importe de 9.714,04 €. Supoñemos que deberían saber que a certificación final de obra expídese a data de finalización do contrato que vén no expediente e deberían estar ao corrente disto.

-Subministro de vestiario para SAF por importe de 3.500 euros. Estamos no terceiro trimestre do ano e xa non hai cartos para o vestiario do SAF e quedan case seis meses do ano.

-Cultura e gastos diversos, 18.000 euros.

Vostede cre que esta e maneira correcta de informar a veciñanza de como gastan os cartos de todos?

Por non falar dos 16.940 euros do Contrato de asistencia para o contrato mixto de subministro de enerxía eléctrica, ese famoso contrato que nos ía aforrar cartos pero sen embargo xa os estamos gastando.

Parécenos un escurantismo total que non aclaren para que son eses 18.000 euros de gastos diversos.

Fixeron uns orzamentos irrealis porque moitos destes gastos deberían estar contemplados porque xa sabían da súa existencia.

Léolle algúns dos fragmentos de intervención: “o uso do remanente de tesourería como fonte de financiación repercute na inestabilidade orzamentaria, e ademais hai que ter en conta que non é o mesmo remanente de tesourería que a capacidade de tesourería, a liquidez, a cal se materializa coa execución do orzamento de ingreso e a recadación dos mesmos”.

Tamén di que “Considera que non se debe recorrer a financiación de gasto corrente cunha financiación extraordinaria como é o remanente de tesouraría porque iso supón que os ingresos correntes non están sendo suficiente para os gastos correntes.

Todos estes aspectos serán obxecto de análise coa aprobación da liquidación do ano 2024, pero xa se advirte na necesidade de conter o gastos corrente e adoptar políticas fiscais diferentes para garantir os ingresos desta entidade local, “





Ante todo isto o noso voto vai ser desfavorable posto que a súa falta de previsión orzamentaria, que é flagrante, leva a dilapidar o noso remanente de tesouraría.

A voceira do BNG di que é un suplemento mais do que vai de ano, que estamos no mes sete e non é o primeiro suplemento de crédito. Vistos os gastos, vemos que a gran maioría son gastos ordinarios, salvo as reparacións dos vehículos que non son previsibles, polo que entendemos que deberían estar orzamentadas. Todo elo manifesta a non organización a hora de facer os orzamentos, un traballo a salta de mata, unha carreira de obstáculos.

Gustaríanos por exemplo que nos aclare o dos 18.000 euros en promoción da cultura, que entendemos debería ser un gasto ordinario, pero aparte gustaríanos saber en que se gastaron 18.000 euros, o vestiario das traballadoras do SAF é necesario polo que debería estar orzamentado.

Votamos en contra dos orzamentos porque nos parecía que non estaban correctamente feitos, ademais de que non nos deixaron participar neles, polo que neste punto tamén imos votar en contra.

O informe da Interventora fai mención que este ano hai que cumprir de nova as regras fiscais no ámbito da lei de estabilidade orzamentaria e con este camiño de suplementos de crédito este concello ten pinta de que vai ter que dar moitas explicacións de seguir así.

Dí a Alcaldesa que non pode especificar os 18.000 euros da promoción da cultura porque van a unha bolsa xenérica que inclúe gastos que se van facer de aquí a fin de ano, temos algunha previsión pero non están confirmadas.

Pregunta a voceira do BNG polo gasto relativo a “sonorización de eventos musicais en Parga” responde a alcaldesa que é unha colaboración co Parga Festival Rock.

Pregunta a voceira do BNG polo gastos para execución de sentenza por responsabilidade patrimonial, responde a alcaldesa que foi debido a unha fuga de auga que provocou danos nunha vivenda particular.

En canto ao transporte da carroza dos reis non é deste ano, é do ano pasado e a empresa encargada de prestar o servizo no presentou a factura no ano correspondente, debido a isto tamén vai no recoñecemento extraxudicial porque son facturas correspondentes ao ano anterior e que non foron rexistradas dentro do ano.

Con respecto ao contrato de asistencia para o contrato mixto vén dun contrato do ano 2022 e so se pode incorporar o remanente para o ano 2023 pero como a redacción dos pregos estendeuse ata este ano é necesario traelo aquí para poder pagar ese traballo.

Quero recalcar que todo se fai dentro da lei e a interventora pode facer recomendacións pero son atribucións do equipo de goberno decidir , de acordo coa lei, si se fai dun xeito ou de outro e neste caso decidímolos así.





O voceiro do PP di que eles estan de acordo que a Sra. Interventora esta para aconsellos e vostedes deciden e saben que o recoñecemento extraxudicial de crédito hai que traelo a Pleno e como teñen maioría absoluta apróbano porque si non fora así ao mellor o Pleno non llo aprobaba.

Chámanos moito a atención que diga que para a promoción da cultura dispón de 18.000 euros pero que non saiba en que os van a gastar .

Vemos que fan as cousas improvisando polo que non imos aprobar isto, votaremos en contra.

A voceira do BNG di que o noso tamén vai ser un voto en contra porque dos 78.612,13 € a gran maioría entendemos son gastos correntes e que non se poden financiar de xeito extraordinario e como ademais é unha práctica habitual deste equipo de goberno pois non imos votar a favor.

A Sra. Alcaldesa di que non ten nada mais que engadir.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e en contra do PP e BNG.

5. Expediente 719/2024. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS. PLENO 2-2024.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

PROCEDEMENTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE PLENO 2 /2024.

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

Re xis tro	Data fact ura	Concepto	Terceiro	Partida orzamen taria	Im po rte
20 24- 91	31 /12/2 023	Portes: llevar carroza de reis magos a Coruña para acondicionamento e realizar reccorido	COMERCIAL REAGRIDES, S.L.	338.227 99	1.4 52, 00
20 24- 59	14 /12/2 023	Artigos de baile de Nadal	DROGUERIA CHENO, CONSUELO CALVO ANSEDE	334.226 99	14 2,1 5





É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes que obran no expediente:

1. Conformidade das facturas de referencia.

2. Documentación xustificativa por parte dos provedores no que se indica que as facturas por causas axenas a este Concello non foron presentadas ou rexistradas correctamente, non tendo esta Entidade constancia de ditas facturas.

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente xa que se inclúe crédito adecuado e suficiente na modificación orzamentaria que se somete a aprobación do pleno, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

Considerando que os gastos informados desfavorablemente pola intervención municipal como consecuencia da omisión no expediente dos requisitos ou trámites esenciais baseados na falta de tramitación do expediente que corresponda para establecer o contrato que rexerá a prestación destes tipo de servizos resulta imprescindible para proceder a aprobación dos servizos prestados.

Considerando que é necesario aprobar os importes que se derivan das facturas, tendo en conta “principio de non enriquecemento inxusto” sentado pola xurisprudencia, no sentido de que se o gasto foi efectivamente/materialmente realizado, nas condicións pactadas, e en consecuencia é esixible, as empresas que realizan a prestación ou prestan o servizo deben ser resarcidas, pese a que quede acreditado no expediente a omisión de trámites esenciais no procedemento.

Vista a proposta de resolución PR/2024/532 de 17 de xullo de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e coas abstencións do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro. Resolver a discrepancia exposta conforme aos argumentos expostos nos antecedentes da presente proposta.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial e por tanto as prestacións executadas, das facturas que se relacionan deseguido:





Re xis facturo	Data factura	Concepto	Terceiro	Partida orzamentaria	Importe
2024-91	31/12/2023	Portes: llevar carroza de reis magos a Coruña para acondicionamento e realizar reccorrido	COMERCIAL REAGRIDES, S.L.	338.22799	1.452,00
2024-590	14/12/2023	Artigos de baile de Nadal	DROGUERIA CHENO, CONSUELO CALVO ANSEDE	334.22699	142,15

Quedando condicionada a aprobación da factura de Comercial Regardes, S.L. ata a aprobación definitiva do suplemento de crédito 3-2024 que se somete a aprobación inicial neste mesmo pleno da corporación.

Terceiro .- Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Cuarto.- Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta, o voceiro do PP di que lles chama a atención o informe de intervención que di textualmente “factura de portes de levar a carroza de reis a Coruña para acondicionamento, por importe de 1.452,00 euros, do que non consta expediente de contratación tramitado, non hai tramitación dun contrato menor, nin aprobación do gasto, soamente a presentación da factura, ademais a data do presente informe non hai crédito adecuado e suficiente para tramitar o recoñecemento da obriga. Polo que a aprobación desta factura ten que quedar condicionada a aprobación definitiva do expediente de modificación por suplemento de crédito 3/2024, que habilita crédito na ampliación 334.22799 para o presente gasto”

“Non pode esta intervención deixar de informar no senso de que cada vez máis os xulgados están considerando que este expedientes son actos susceptibles de nulidade de pleno dereito en aplicación do art. 47 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común por ser ditados por órgano incompetente por ser ditados prescindindo total e absolutamente do disposto na normativa. Esta consideración non exime da obriga de aboar as prestacións efectuadas e, polo tanto, a única forma de imputalas ao orzamento é a través dun recoñecemento extraxudicial de créditos, xa que a una finalidade é o enriquecemento inxusto da administración.”

Segundo o artigo 78.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, son responsables dos acordos das Corporacións locais os membros das mesmas que os votasen favorablemente.





Entón visto todo isto e baixo a prerrogativa de que, quen traballa ten que cobrar e de que, quen tramitou mal o expediente foron vostedes, nós non imos votar en contra pero ímonos abster.

Aclara a Alcaldesa que o ano pasado montouse unha carroza de reis nunha plataforma e esta plataforma houbo que levala ao sitio onde se adornou e logo traela aquí.

A voceira do BNG di que o recoñecemento extraxudicial de crédito o que vén a ser e que se vote a favor ou en contra de que se paguen unhas facturas que por diversos motivos non entraron en tempo e por outro lado xa estamos acostumados a ver nos informes de intervención que hai omisión de tramites esenciais na contratación polo que cremos que é unha práctica demasiado habitual neste concello polo que non votaremos nin en contra nin a favor.

A Sra. Alcaldesa di que efectivamente o recoñecemento extraxudicial de crédito é que se paguen unhas facturas presentadas fóra de tempo.

O voceiro do PP di que vostedes non están facendo ben as cousas en relación a parte económica, a falta de rigor é bastante palpable. O noso voto vai ser abstención.

A voceira do BNG, non fai uso da segunda quenda.

Interven Alcaldesa para aclarar que o montante da factura de 1.452 € supón nos orzamentos do concello un 0,029.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e a abstención do PP e BNG.

6. Expediente 655/2024 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a providencia de alcaldía de data 01/07/2024 de incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa do servizo de SAF, en canto aos cambios necesarios na redacción para adecuación as esixencias da inspección da comunidade autónoma e o custe real do servizo público prestado

Visto o informe de intervención, sobre a memoria económica do servizo de axuda no fogar de 2024-0239, de 08/07/2024.

Visto o informe xurídico 2024-0139 de 17/07/2024.





Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2024/529 de 17 de xullo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 18 de xullo de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e cos votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal do servizo público de axuda no fogar publicada no BOP nº 178 de 05 de agosto de 2013, nos seguintes artigos:

“ARTIGO 4. Base Impoñible

A base impoñible deste tributo calcularase en función do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), considerando este polo importe íntegro anual, segundo a seguinte táboa:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 IPREM	10%
Maior de 1,00 e menor ou igual a 1,20 IPREM	20%
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	40%
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2,00 IPREM	50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	70%
Maior de 2,50 IPREM	90%

ARTIGO 5. Cota tributaria





A cota tributaria da presente taxa establécese en 18 euros/hora de prestación do servizo. Sen embargo, as tarifas graduaranse segundo o sinalado no apartado anterior, de acordo co previsto no Regulamento Municipal de Axuda a Domicilio. En calquera caso establecerase un límite máximo de capacidade económica das persoas usuarias dun 40% da súa capacidade económica.

ARTIGO 6. Devengo e período impositivo

A taxa na primeira utilización do servizo devengarase no momento de autorizar a prestación da axuda polo órgano competente, prorrateándose por días efectivos de prestación de servizo

ARTIGO 7. Liquidación e ingreso

Deberase acreditar a domiciliación bancaria dos abonos mensuais no momento de formular a solicitude.

A efectos da liquidación da taxa, polos Servizos Sociais elaborarase un padrón ou lista cobratoria mensual na que se reflectan as incidencias ou alteracións respecto do bimestre anterior. Unha vez aprobada, a devandita listaxe será obxecto de publicación no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidente o voceiro do PP di que eles votarian a favor desta proposta sempre e cando se incluíse na mesma, instar o Goberno de España para cumprir a lei e pague o 50% do custe do sistema para autonomía persoal e atención a dependencia, como establece a Lei 39/2006 nos próximos presupostos xerais do Estado.

Vostede dirá que non ten nada que ver, pero eu creo que si porque estamos a falar que os nosos veciños/as que estaban a pagar 8,00 €/h vailles repercutir en 10 €, e eles pagan un tanto por cen do custe básico do SAF segundo os ingresos

Consideramos que é importante que igual que as Comunidades Autónomas deben financiar o sistema se lle pida ao Goberno Central que cumpra co seu 50%, no caso da CCAA de Galicia case chega a cerca dun 70% aproximadamente e o Goberno non chega ao 30% restante. Si fan iso votariamos a favor, en caso contrario absteríamonos

No 2021 o Goberno Galego acordou coa FEGAMP unha suba do 24% ao longo da lexislatura, para o 2023 prevíase unha achega de 11,5 €/hora pero incrementouna por decisión propia ata 12 €. Este mes de xuño a Xunta comprometeuse coa FEGAMP a volver a revisar o acordo do 2021 polo tanto o esforzo da Xunta para financiar o SAF é incuestionable.





A voceira do BNG di que esta modificación da ordenanza supón dous cambios, por un lado a contía da hora de asistencia e por outro lado o período de cobro. En canto ao período de cobro non temos ningún problema pero co tema da taxa si que o temos porque consideramos que, a que esta en vigor agora, de 8,00 €/hora, leva así dende o 2013, e dicir once anos. Vostedes levan cinco anos gobernando e eran coñecedores de que o valor da taxa era moi inferior ao custe real do servizo e agora once anos despois pasase a 18,00 €/hora, mais do dobre, polo que consideramos que este abandono de non ir actualizando a cota pouco a pouco, agora vaille supoñer as familias un incremento de mais do dobre aínda que non paguen a cota total a cota que lles corresponda será de mais do dobre.

Nós o que pedimos é que esta actualización se faga con empatía cara as familias afectadas e fagan unha suba progresiva ao longo dos anos. Unha suba de mais do 50% a cada familia nós non a imos aceptar porque non nos parece de rigor .

A Sra. Alcaldesa di que ela podo responder porque non se actualizou dende o 2019 pero non porque non se fixo dende o 2013. Cando chegamos no 2019, antes tan sequera de plantexarnos si era adecuado unha modificación na taxa do SAF, chegou unha pandemia no 2020 que fixo que a situación non fora a mais adecuada para expoñer unha subida desa taxa.

Nós sabemos de sobra que non respondía a realidade, incluso cos 18,00 €/hora, xa que este servizo prestase en xestión directa e non a través dunha empresa, como si sucede en moitos concellos e o custe é moito mais alto.

Con esta nova lexislatura a idea era subilo pero veu unha inspección da Xunta e recomendounos unha subida e o mais barato era 18 €/hora de aí ese custe.

É importante valorar a calidade coa que se esta a prestar o servizo e co numero de auxiliares coas que se conta para elo, por todo iso hai que financiarlo adecuadamente.

Con respecto ao que dixo o voceiro do PP, el di iso porque sabe que non podemos incluír nunha ordenanza “instar ao Goberno Central”. Cando queira pode traer unha moción e instamos ao Goberno da Xunta para que cumpra coa súa parte de financiación porque con respecto a este concello non esta cumprindo e non esta financiando a parte que lle corresponde. Este servizo é de competencia autonómica e no seu momento a Xunta fixo unha lei e decidiu traspasarlla aos concellos. O que debería é asumir a financiación da competencia ao 100% que é o que esta recollido no Estatuto de Autonomía e deixar de facer leis para pasarlle as competencias aos concellos sen financiación.

O voceiro do PP sabe perfectamente que non podemos incluír na ordenanza o que esta pedindo, é unha desculpa que trae para non votar a favor, pero sabe positivamente que non se pode facer.

O voceiro do PP di que a Lei 39/2006 establece que o Goberno a través dos presupostos xerais do estado sufragará o 50% do custe do sistema e as Comunicades Autónomas o outro 50%.





A Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais establece “el servicio gallego de servicios sociales como servicio público orientado a la prestación programada de servicios que posibiliten la mejora de la calidad de vida y de la participación de las personas, especialmente que sufran carencias o desatenciones.

De esta manera se desarrollaba la previsión del artículo 27.23 del Estatuto de Autonomía para Galicia que decía que corresponde al Poder Gallego la competencia exclusiva en materia de asistencia social. Dicha ley ordena el sistema en dos niveles de atención, primaria y especializada, correspondiéndole a los municipios la creación y gestión de los servicios sociales en atención primaria, entre los que figura el servicio de ayuda a domicilio sin perjuicio de las funciones de coordinación y ordenación normativa, así como de la homologación, registro y control de centros y servicio competencia que residen en la Xunta de Galicia.

A Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar no seu artigo 14 establece o seguinte “Artículo 14. Criterios de organización y procedimiento. El servicio de ayuda a domicilio estará integrado en los servicios sociales de atención primaria de titularidad municipal y será coordinado por un/una profesional del equipo técnico de los servicios sociales de la entidad local titular del servicio.”

A Xunta de Galicia ten que cumprir a lei e vostede tamén, a Xunta ten que financiar o 50% o SAF e vostede fala dun custe de 18,00 € e estalle ingresando 12,00 €/hora, e dicir, mais do 50%.

En definitiva como os nosos veciños/as van ter que pagar mais do dobre que pagaban deberíamos de comprometernos a instar ao Goberno Central, non na ordenanza, a que cumpra co seu 50% para dispor de mais cartos.

A voceira do BNG di que ela non pon en dubida a calidade do servizo, nin agora nin cando o custe era de 8,00 euros, de feito ninguén o comentou aquí.

Fala da pandemia, pero houbo restricións no 2020 e 2021 pero levan gobernando cinco, e dicir, puxo excusas, razoamentos e motivacións que non veñen a conto.

Nós como queremos defender aos veciños/as imos pedirles que a suba sexa progresiva para que non sexan eles os que asuman que vostedes non traballaron antes por diversas razóns.

Insistimos en que era algo que se tiña que ter feito e non entendemos que se poda sobrecargar as familias por non querer facelo progresivo e darlles así un pouco mais de alento.

Repito que nesta modificación recóllense dúas cousas, o pago mensual e a subida de 8,00 a 18,00 € por hora de asistencia, co do pago mensual non temos nada que obxectar pero co da subida de mais do 50% de repente non imos votar a favor





A Sra. Alcaldesa di que cando o Goberno Central decidiu traspasar as Comunidades Autónomas ese 50% fixo cunha dotación económica e cando a Xunta transferiu esa competencia aos concellos fíxoo sen dotación económica.

Penso que administración mais competente para xestionar os servizos sociais son os concellos porque é a administración mais próxima aos cidadáns e quen mellor coñece as súas necesidades, pero non se pode asumir competencias se non hai financiación.

O custe estimado da hora do SAF é superior aos dezoito euros e nós establecemos, por recomendación da inspección da Xunta de Galicia esa cantidade. É verdade que os oito euros estaban desfasadísimos e que se tiñan que ter subido pero o período 2019-2023 non foi o mais indicado para subir esa taxa.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, abstención do PP e en contra do BNG.

7. Expediente 233/2024. Aprobación inicial ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio publico local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ . Expte. 233/2024

Providencia da alcaldía de data 7/03/2024 incouse o correspondente para aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio publico local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz.

Borrador da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio publico local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz incorporada ao expediente.

Memoria de custes de data 17/07/2024.

Informe xurídico de secretaría de data 18/7/2024.

Vista a proposta de resolución PR/2024/537 de 18 de xullo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 18 de xullo de 2024.

Resolución:





O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e cos votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a ordenación e imposición da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Guitiriz e os elementos tributarios condicionantes da cota tributaria.

SEGUNDO- Aprobar provisionalmente a co seguinte tenor literal:

<< ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado.





A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

- 0,32 €/tonelada (t) de madeira.

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

ARTIGO 6. EXENCIONS

Quedan exentos do pago desta taxa:

Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...

En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...

Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:

- Podas en plantacións forestais
- Rozas e limpeza de fincas
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos





- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
- Cortas para usos domésticos
- Actividades agrícolas e gandeiras

ARTIGO 7. DEVENGO

A taxa devengarase segundo a natureza do seu feito impositivo, cando se conceda a correspondente licenza ou autorización para a realización das actividades que constitúan o feito impositivo da taxa, unha vez tramitado o correspondente expediente iniciado coa presentación da solicitude polo suxeito pasivo.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se beneficien polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes cando se conceda a correspondente licenza ou autorización.

Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal conforme ao establecido no artigo 5 da Ordenanza Municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira publicada no BOP de Lugo de data 16 de outubro de 2017.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza Municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira publicada no BOP de Lugo de data 16 de outubro de 2017.

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58 /2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das





Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en adiante.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.>>

TERCEIRO- Expoñer este acordo no taboleiro de anuncios da corporación e publicar no BOP por prazo de trinta días para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

CUARTO- Dar conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo.

QUINTO- O acordo definitivo ou no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, así como o texto íntegro da Ordenanza ou da súa modificación publicaranse no BOP, conforme ao artigo 17 do TRLRFL e 70.2 de la LRBRL.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que o texto desta ordenanza fiscal reguladora no artigo 4 pon << A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.>>

Segundo o establecido nese artigo son os propietarios das fincas ou as empresas as que pagan, entón a taxa e puramente recadadora, posto que si os danos efectuados sobre os bens públicos xa teñen que ser reparados polas empresas, segundo o que acabamos de ler, independentemente de ter aboada a taxa.





Léolle o que recolle o artigo 3.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais <<Son bienes de uso público local los caminos, plazas, calles, paseos, parques, aguas de fuentes y estanques, puentes y demás obras publicas de aprovechamiento o utilización generales cuya conservación y policía sean de la competencia de la Entidad local>>

En definitiva, é unha taxa puramente recadadora posto que teñen que pagar os danos ocasionados e a taxa que abonan para facer a saca, e dicir, das toneladas de pinos e eucaliptos que os nosos veciños/as plantan e coidan durante vinte ou vinte cinco anos, aínda que non produzan danos, teñen que pagarlle ao concello unha taxa por tonelada e o maderista vaino repercutir no seu prezo de compra. En ningún lado da ordenanza pon que o pago da taxa exime de reparar os danos causados co cal a taxa non é para reparar danos senón para ter mais remanente. Non podemos estar de acordo con isto.

A voceira do BNG di que lles parece outra imposición económica aos nosos veciños/as.

Entendemos que esta en vigor a ordenanza que se aprobou no 2017. Segundo esta ordenanza hai un rexistro de empresas maderiras no que teñen que dar os datos do seguro de responsabilidade civil por si hai que facer uso del no caso de que deixen os camiños en mal estado e no caso de que soliciten a corta teñen que depositar un aval.

Entendemos que contar coa boa fe de todo o mundo non é a mellor solución polo que hai que traballar dende o equipo de goberno, a quen lle corresponda, revisar as comunicacións de corta no caso de que as empresas as envíen e senón traballar a pé de rúa e dar unha volta polas distintas parroquias. Esta responsabilidade é do concello, comprobar o que pasa para que se cumpra coa ordenanza.

Na ordenanza que esta en vigor dende o 2017 tamén se recolle que si se detecta unha corta que non foi solicitada pódese parar.

O Grupo do BNG cree que a ordenanza que esta vigor actualmente non funciona porque falta o traballo do concello partindo de que non se pode contar coa boa fe de todo o mundo, o concello ten que vixiar.

Tamén entendemos que si con esa ordenanza os camiños quedan en mal estado e non se consegue esixir a reparación, malamente se vai conseguir simplemente porque se lles poña un imposto, un imposto que, nesta ordenanza que se quere aprobar, recolle que o teñen que pagar as empresas maderiras pero é evidente que quen o vai pagar son os veciños/as.

Tampouco recolle esta ordenanza que o recadado se vaia destinar para o arranxo de camiños.

Non se da feito o mantemento do concello como para esperar que por impor esta taxa o concello vaia repoñer os camiños danados pola saca de madeira.

A Sra. Alcaldesa di que a ordenanza da que fala a voceira do BNG esta en vigor e é evidente que os maderistas non están cumprindo con ela, polo menos dende que eu estou ao fronte deste goberno.





Cando un maderista estraga unha vía pública o aproveitamento desa vía pública é para un veciño/a ou comunidade de montes dunha parroquia en concreto, pero a vía pública queda estragada para todos os veciños/as do concello polo que deberíamos ter en conta que cando un maderista para un aproveitamento privativo, estraga un ben público ten que repoñelo. Outra cousa distinta é a taxa que hai que pagar pola ocupación dese espazo público.

Non sei si a voceira do BNG é consciente da extensión que ten este concello para revisar todas as estradas que poderían quedar mal co traballo dos maderistas.

Ela sabe perfectamente que aínda que eu vaia a ver unha pista que quedou esnaquizada o que eu diga non serve de nada, polo que ten que ir un técnico ou o policía local para facer un informe, despois faise outro informe coa valoración do custe deses danos e logo eu reclamarlle ao maderista para que o arranxe e no caso de que non o faga ten que arranxala o concello subsidiariamente e logo ir contra o maderista. Tramites moi laboriosos e a maior parte das veces infrutuosos.

E evidente que non funciona e non porque non se traballe sino porque en determinadas épocas do ano é incontrolable debido a extensión do concello, a cantidade de plantacións forestais que hai, e porque temos un ou dous policías locais e un técnico de medio ambiente.

O que se recade con esta ordenanza servirá para mellorar o mantemento da rede viaria pública.

O voceiro do PP di que por exemplo no concello de Lugo teñen unha fianza de 1.000 euros por quilómetro e a contía da fianza é variable en función de distintos parámetros: 50 céntimos por tonelada de madeira que sacan, 500 euros por quilómetro de camiño sen asfaltar. 1.000 euros por quilómetro de camiño asfaltado e 800 por cada ponte o infraestrutura semellante que teñan que atravesar, e funciónalles.

Fonsagrada é outro dos concellos, a contía vai dende os 500 ata os 5.000 euros para volumes de tala superior aos 3.000 m³ e ademais as empresa madeiras que vaian realizar numerosas cortas ao longo do ano nese termo municipal teñen a opción de depositar unha única fianza anual de 7.000 euros e traballan todo o ano, e funciónalles.

O imposte da taxa non vai saír dos madeiristas senón dos nosos veciños/as polo que non estamos de acordo con esta taxa.

A voceira do BNG di que, deduzo do que vostede di que a ordenanza que esta en vigor non serve para nada pero sen embargo vai seguir en vigor. Non serve para nada porque falta o traballo do concello, sen contar coa boa fe dos maderistas porque para iso xa se recolle nesta ordenanza como facer no caso de que se incumpra.

Estamos totalmente de acordo en que os maderistas teñen que arranxar os camiños por iso hai que esixirles que cumpran coa ordenanza que esta en vigor.





Xa sabemos que estas cortas molestan a todos os veciños/as pero quen o vai pagar son os veciños/as que vendan a madeira.

Concellos como Riotorto, Pontenova, Ribeira de Piquin, Meira, teñen actualmente esta taxa imposta pero parece que non lles esta a funcionar.

Léolles un comunicado sobre as ordenanzas municipais con taxas que fixo LugoMadera (asociación de maderistas da provincia) e achegan como exemplo a ordenanza de Pol. Remiten unha circular informativa co obxectivo de informar aos propietarios da devaluación do prezo da madeira e que se proceda a incluír unha cláusula tanto nas facturas de compra venda como nos contratos para a dedución destas cantidades do importe total da operación de compra venda de madeira.

Insistimos que isto vai repercutir nos veciños/as, son os veciños os que deixaran de cobrar estes cartos non as empresas madeiras.

En que punto desta ordenanza se recolle que o recadado vaixe destinar para arranxar os camiños?. Dígame, onde esta garantido o arranxo de camiños e que este imposto non o van pagar os nosos veciños/as.

A Sra. Alcadesa di, creo que estamos un pouco confundidos, o que se trae hoxe para aprobar é unha ordenanza fiscal e a que xa temos é unha ordenanza reguladora polo que son compatibles.

O problema vén dado porque atopámonos que hai moitas empresas que non cumpren coa ordenanza que esta en vigor e que non se rexistran nas aplicacións creadas para tal efecto.

O único permiso estritamente necesario para poder cortar madeira é o da Xunta polo que nós non podemos prohibirle que corte a un maderista que dispón co permiso da Xunta.

A lei non permite destinar as taxas para gastos concretos polo principio de unidade de caixa recollido no artigo 5 da Lei de Facendas Locais.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, abstención do PP e en contra do BNG.

8. Expediente 715/2024. Modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Guitiriz	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Guitiriz. Expte. 715/2024





Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 16/07/2024 de incoación de expediente de modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Guitiriz publicada no BOP de Lugo de data 29 de maio de 2014.

Vistos o informe de secretaría de data 17/07/2024.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2024/536 de 18 de xullo de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Guitiriz na súa Exposición de Motivos e nos artigos 18, 22 e os Anexos I, IV, V, VI, VII.

SEGUNDO.-Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións as modificacións o Texto Integro do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, que se achega como ANEXO a presente proposta, se considerará definitivamente aprobado.

Documentos anexos:

- Anexo 1. Anexo. Regulamento SAF >>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que visto o informe de Secretaria no que di que en canto o procedemento administrativo se seguen os tramites sinalados e o texto proposto se adecúa aos principios de boa regulación e de que o expediente se axusta a legalidade, pola nosa parte non hai ningún impedimento.

A atención aos nosos maiores vai de políticas que requiren unha colaboración leal e permanente entre as distintas administracións: central, autonómica e local .





Nós imos votar a favor en base ao establecido no informe do Secretario e dado que vostedes xa aprobaron a suba da taxa.

A voceira do BNG di que como eles entenden que esta modificación debese a un axuste de determinados artigos non temos nada que dicir.

A Sra. Alcaldesa di que efectivamente é unha modificación para adaptalo ao do cobro mensual, modifícanse distintos artigos e anexos dando así cumprimento legal.

Ningún dos grupos políticos fai uso da segunda quenda.

Sometido o asunto a votación é aprobados cos votos a favor do PSOE e PP e abstención do BNG.

9. Expediente 727/2024. Festivos Locias 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Proposta de días festivos locais para o ano 2025.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia con data entrada 16/07/2024 e RE nº 2859, no que solicitan envío de proposta do Pleno ou do órgano competente na que consten as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2025 co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución.

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno os artigos 21.1 e 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

Vista a proposta de resolución PR/2024/531 de 17 de xullo de 2024.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, PP e BNG, adoptou o seguinte acordo::





PRIMEIRO.- Designar como días de festa local para o ano 2025, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días:

1º. Martes 4 de marzo (martes de Entroido).

2º. Martes 24 de xuño (San Xóan)

SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta, os concelleiros/as dos tres grupos políticos manifestan a súa conformidade cos dous días establecidos como festivos locais no Concello de Guitiriz para o ano 2025.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes.

B) ACTIVIDADES DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PERGUNTAS

ROGOS

ROGOS PP

1. Que se arranxe a pista que vai ata o lugar de Carballedo en Pedrafita, que sae a estrada que une Pedrafita – Friol e que se poña en devandito cruce un espello para saír con seguridade posto que a visibilidade é mínima.
 2. Por enésima vez, rogamos que inste a Deputación para que arranxa a estrada que vai dende Parga a Piedrafita, a LUP 2303 porque esta intransitable.
 3. Arranxe a pista chamada de Portolongo, dende o campo da festa xunto a escola das Negradas a Florida, consta duns tres quilómetros e a partir da Florida arranxouna o concello de Friol, xa que entra dentro da súa demarcación, na parte do noso concello a pista é de terra ata que se sae as Negradas.
 4. Arranxe a pista que vai dende As Lamas en Roca ata o pastizal de Santa Cruz.
 5. Axilice o cambio de trazado do Camiño de Santiago na estrada que une Parga con Sambreiro posto que é un perigo para os peregrinos e os veciños seguen a demandar o seu cambio
- Di a alcaldesa que xa o ten pedido na Xunta pero que non o conceden.





6. Arranxe a pista de terra que vai dende o Gradón ao Alto, mais ou menos dun quilómetro, a pista pola que van os peregrinos polo Vilar e saen a Mariz

ROGOS BNG

1. Que se amaño o espazo exterior da nave do polígono, da cal é propietaria o concello, posto que chama atención o mal estado no que está.
2. Que se cambie de lugar o banco que hai na Avda. de Lugo, a altura de Talleres Carro, posto que fixeron as cegoñas un niño enriba, si se move uns metros pode ter uso.
3. Que se poña dunha vez por todas amaño aos vertidos que hai entorno a ponte do Forxa posto que hai moitos puntos diferentes de contaminación, que aparte de ser visibles tamén cheiran.
4. Repintar os pasos de peóns responsabilidade do concello.
5. Instar a Deputación para que arranxe a estrada dos Vilares que esta en mal estado.

PREGUNTAS

PREGUNTAS PP

1. Quen contratou a seguridade privada que estivo vixiando os escenarios na festa da torta millo deste ano?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno

2. Cando vostede entrou como Alcaldesa no ano 2019 Guitiriz tiña 5.484 habitantes e a día de hoxe ten 5.194, o que supón 290 habitantes menos. Que medidas esta levando a cabo para frear a perda de poboación?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

3. Vostede sabe que en Guitiriz non hai casas nin pisos para alugar, nin apenas para mercar. Cando falamos de vivendas de protección pública ou vivendas sociais que son as que poden ter acceso a xuventude debido as limitacións económicas para que os nosos mozos podan independizarse e formar familias e así medraría Guitiriz. Que xestión se fixo dende o concello para dinamizar as vivendas sociais ou protexidas en Guitiriz?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

4. No pleno do mes de abril durante a súa intervención no debate da moción que vostedes presentaron a cerca do servizo de pediatría no centro de saúde do noso concello vostede dixo: que a partir de mediados de febreiro xa se deu por sentado que durante un ano ou ano e medio a persoa que cubra aquí este servizo non vai volver a el, nada que dicir ao respecto, o que hai é que poñer outro pediatra para que faga o traballo.





E a vista das eleccións europeas do 9/06/2024, utilizou este pleno de forma electoralista para provocar alarmismo, pódenos dicir quen foi a persoa que lle transmitiu esa información para que logo vostede a dixera no pleno, si foi alguén do Sergas da Xunta de Galicia?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

5. No pleno anterior contestoulle a voceira do BNG con respecto ao PAI, que o final de obra estaba prevista para o 11 de xuño e a partir de aí o tempo que leve limpar e colocar o mobiliario polo que a previsión para reanudar o servizo será a primeira quincena de xullo. Esta a funcionar o PAI?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

6. As parcelas que rozou o tractor do concello con operarios municipais e que son privadas, váiselles a cobrar devanditos desbrozos aos titulares, falo das parcelas sitas diante do restaurante o cisne e que se rozaron antes das festas de San Xoan?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

7. Cal foi o tipo de avaria que motivou o peche da piscina municipal o pasado sábado?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

8. Que empresa levou a cabo devandita reparación?

9. A piscina natural dos Sete Muíños ten a auga apta para o baño?

Resposta: Non, e hai un cartel que o pon.

PREGUNTAS BNG

1. No pleno anterior fixemos un rogo para que a limpeza dos espazos municipais e camiños se fixera en tempo e forma para que non se repetira a situación doutros anos e contestáronnos que xa estaba adxudicado o contrato. Preguntámonos por que vai tan atrasadísimo todo este traballo e incluso hai zonas como Buriz que entendiamos que estaban desbrozadas pero hai vías de acceso a casas sen desbrozar.

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

2. Esta recepcionada a obra da cuberta do pavillón e solucionadas as goteiras?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

3. Que problema de auga pode haber no Curro Vello, si é que hai algún, posto que non hai auga nin na piscina nin na fonte de beber?

Resposta: porque na fonte esta un cristal roto e perde e non estamos como para perder auga e na billa en principio arranxouse pero agora mesmo non o sei, mirareino.





Pregunta a voceira do BNG que se vai facer coa piscina, ao que responde a alcaldesa que haberá que encargar un cristal pero este é especial.

4. O concello ten establecido algún horario de apertura e peche da casa Barxa? Si é así poderíanos dicir si se esta cumprindo?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

5. A renovación dos contratos da Casa Barxa son automáticos ou hai que facer unha convocatoria pública?

Resposta: Entendo que cando se fixo o contrato concedeuse por un período máximo e hai que esperar que termine esa concesión para volver a sacalo publicamente. Si non recordo mal o período máximo eran 10 anos.

6. O PP/Xunta de Galicia/Sergas ten pechado o Centro de Saúde de Parga e nós no pleno de xaneiro instabamos a que se fixeran unhas reparacións como pintar etc., van aproveitar que estes meses vai estar pechado para facer esas reparacións?

Resposta: Non esta pechado, os martes e xoves hai enfermería, o cal case impide facer calquera cousa.

7. No anterior pleno trouxemos un rogo para que fixera baleirado e limpeza e amaño da comporta da piscina dos Sete Muiños, e vimos que o tornillo segue igual de retorcido que estaba .

Resposta: Baleirouse, limpouse e en teoría a comporta funciona perfectamente.

8. A finais do mes de xuño este grupo púxose en contacto co responsable da Area de Medio Rural e con vostede, para alertar por un lado e preguntar polo outro, que estaba pasando coa instalación dos postes de fibra óptica e luz que considerabamos que estaban a escasos centímetros da calzada. Naquel momento fixémonos nas que estaban traballando que eran en Santa Mariña, Mariz e cara as Negradas e nun dos postes da luz, na pista que vai a Fracela, si se actuou, foi o Policía Local para facer informe e curiosamente foi o único que se retirou para atrás, a verdade é que era moi perigoso posto que estaba moi metido na cuneta e nunha curva con pouca visibilidade. O resto dos postes, tanto de fibra óptica como de luz, están no mesmo sitio no que estaban polo que entendemos que supón un aumento da perigosidade para circular pola estrada e incluso para circular no día a día cos vehículos agrícolas e ademais é unha dificultade engadida para as rozas.

En que quedou esa situación, faloron coas empresas encargadas?

Resposta: Coa empresa que estaba poñendo na Fracela foime moi fácil falar porque tiña o teléfono do responsable da empresa, fomos alí e miramos como debería quedar para que non fose perigoso.

Dos dous lados hai informe do Policía Local pero non me resultou tan fácil comunicarme coa empresa polo que teremos que ir pola vía procedimental.





9. Poderíanos dicir canto foi o custe total da Festa da Torta de Millo?

Resposta: Contesto para o seguinte pleno.

PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR

Preguntas PP

-En que estado se atopan tres mocións aprobadas aquí, a presentada no mes de setembro do ano 2023 polo BNG para arranxar a comporta da piscina natural dos Sete Muíños, a do Plan Integral da Rede Viaria e outra para arranxar a Rúa Xermade?

Resposta: en canto ao arranxo da comporta da piscina dos Sete Muíños acabo de contestar.

En canto ao Plan Integral da Rede Viaria pedimos unha subvención que nós foi concedida e xa temos o orzamento e estamos en contacto coa empresa sendo o prazo limite para telo rematado no 2025.

En canto ao arranxo da Rúa Xermade, primeiro hai que facer unha modificación no planeamento urbanístico e indicar que día despois da presentación desta moción no pleno varios veciños xa me indicaron que non cederían parcelas para facer esa rotonda.

-Trouxo no mes de abril un recoñecemento extraxudicial de crédito e argumentouno dicindo que a maioría dos reparos que figuraban e logo se levantaban era para dar ganancia aos negocios de Guitiriz, o montante era de 75.981 euros. Nos negocios dos nosos veciños/as, deses 75.981 euros reverteron 1.159, cando aquí hai algún negocio que podía desenvolver o servizo doutras facturas que se pagaron. Segue mantendo vostede que o fai para darlle ganancia aos negocios de aquí?

Resposta: o recoñecemento extraxudicial hai que traelo a pleno para poder aprobar as facturas que quedan do ano anterior. En canto aos reparos figura na acta os servizos que estaban levándose a cabo por empresas do concello sen contrato porque si se fan con contrato o mais probable é que esas empresas pequenas non poidan competir e polo tanto non ser adxudicatarias do servizo.

-Pregunta para don Ramón Rivas ou para vostede, cal é motivo que os colexios de Parga e Guitiriz teñan as OCAS de electricidade caducadas, e dicir, os informes de inspección que fan as empresas especializadas encargadas de verificar o cumprimento de carácter obrigatorio das condicións de seguridade de produtos de instalacións eléctricas de gas, calefacción etc.

O CEIP de Guitiriz ten a OCA caducada dende 2018 e o CEIP de Parga dende 2021 sendo de obrigado cumprimento pasar as mesmas e é responsabilidade do concello.

Resposta: O motivo de que os colexios de Parga e Guitiriz teñan as OCAs caducadas é porque non se renovaron. Estamos con iso.





-Para dona Sofía, con que periodicidade acude a traballadora social aos domicilios para revisar as situacións dos distintos usuarios/as ou en caso contrario isto non se esta facendo?

Resposta: Moitas veces a valoración depende da traballadora social que é a que coñece o servizo, e a normativa de axuda no fogar di que ten que ser cada dous meses.

-Cando ten previsto abrir o PAI para reanudar o servizo de atención a infancia de 0 a 3 anos, competencia exclusiva do concello e que vostede ten pechado?

Resposta: Estaba previsto recepcionalo o 14 de xuño, debido a choiva pedíronnos unha prorroga, pero a día de hoxe a obra esta recepcionada e temos a visita de inspección da Xunta pasado mañá, mércores.

-No pleno de marzo trouxo un expediente de modificación de crédito para o soterramento da liña de media tensión cun montante de 26.047,36 euros, argumentando vostede que era mellor facelo cando se arraxara a rúa para aforrar custes.

Soterráronse 8,5 metros de calzada e ten vostede un orzamento coa empresa Indesnor para soterramento completo de toda a liña cun montante de 49.554 euros e resulta que gastou vostede 26.000 euros en 8,5 metros, quedando 127 metros pendentes de soterrar. Como levou tanto soterrar eses oito metros e medio?

Resposta: É unha pregunta sesgada porque nesa modificación de crédito ían 26.000 euros pero no proxecto vén perfectamente desglosado que para o soterramento destínanse 1.553,20 euros, mais gastos xerais e beneficio industrial e mais IVE.

O restante 16.218 euros mais gastos xerais, mais beneficio industrial mais IVE eran para reforzar rexistros existentes. Como estes reforzos dos rexistros non ían contemplados no proxecto, posteriormente decidiuse facelos e foi nese momento cando se decidiu tamén facer o soterramento para non ter que cortar a vía unha vez arranxada.

-Durante os meses de febreiro e marzo reuniuse vostede con algúns veciños/as do Mesón da Cabra para pedirllas a autorización de paso polas súas propiedades da rede de sumidoiros que vostede ten proxectada.

Cando vostede foi falar con eles xa tiña colgado o anuncio de licitación do proxecto, o vinte un de febreiro, e xa sabía tamén que so se conectarían as casas que van dende a rotonda cara a Parga, e dicir un total de sete casas que se conectan nese tramo pero so hai unha casa habitada habitualmente. Parécelle isto normal?

Resposta: Antes de facer o proxecto falouse con todos os veciños/as pero iso non implica que non se puidera ir licitando a obra.

Este saneamento vai dar servizo ao cámping, ao bar. Vaise facer por fases porque non temos financiamento para facelo todo xunto, pero vai dar servizo a todo o núcleo.





-Dende fai algún tempo temos dous policía locais, teñen todos os medios técnicos obrigatorios para o desenvolvemento dos seus servizos como membros da policía local?

Resposta: Cando chegaron ao concello falouse con eles para que nos dixeran as necesidades que tiñan, as que lles parecería que eran necesarias e dende logo as obrigatorias. En principio facilitámoslles todo o que eles pediron, nós estamos dispostos a dotalos de todos os medios obrigatorios.

Preguntas BNG.

-Respecto ao servizo de madrugadores, o servizo no colexio de Guitiriz esta 100% xestionado polo concello pero no colexio de Parga esta xestionado polo ANPA, que parece ser foi unha esixencia da alcaldía para poñelo en marcha, e como consecuencia disto a ANPA de Parga recibe unha subvención que, a efectos prácticos, suponlles percibir 200euros menos para a realización doutras actividades con respecto ao ano paso cando aínda non había o servizo de madrugadores.

Porque se fai este agravio comparativo entre os dous colexios e si esta previsto que no colexio de Parga continúe este servizo o ano que vén?

Resposta: Mantivemos unha reunión coa ANPA de Parga e dixeron que estaba todo aclarado e que non tiñan nada que obxectar.

En canto a como se vai prestar o servizo este ano, vaise abrir o prazo para que todo o mundo se apunte a través do concello e teremos que facer un contrato menor ou unha modificación, no caso de que se poda, do contrato que xa temos de madrugadores.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2024/6

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 715/2024. Modificación do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Guitiriz
 - Anexo 1. Anexo. Regulamento SAF





ANEXO

REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE GUITIRIZ (LUGO)

ÍNDICE:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPITULO I DISPOSICIONS XERAIS.

Artigo 1º.- Obxecto

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

Artigo 4º.- Contido do servizo

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo

Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo

CAPITULO II DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo

Artigo 11º.- Requisitos Específicos

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo

Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

Artigo 18º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos

Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias





financiados total ou parcialmente con fondos públicos

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento

Artigo 22º.- Nacemento da obriga de pago

Artigo 23º.- Infraccións e sancións

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

ANEXOS





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar como un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, **dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente**, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 148/2014 do 6 de novembro polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

Polo tanto, a ordenanza en vigor, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do día 29/05/2014 require unha adaptación para axustala á nova realidade social e legislativa, coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias do Concello de Guitiriz.





CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1º.- Obxecto:

O obxecto desta ordenanza é establecer regulación do servizo de axuda no fogar, desenvolvido no Concello de Guitiriz, sendo o ámbito de aplicación o territorio municipal de Guitiriz.

Artigo 2º.-Ámbito de Aplicación:

O establecido neste regulamento é de aplicación ao programa de axuda no fogar que se desenvolva no Concello de Guitiriz.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo:

1.- O servizo de axuda no fogar é un servizo público, inserto no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, que ofrece un conxunto de atencións dentro do propio domicilio, con carácter preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, e que se presta a través de persoal especializado. O servizo referido non exime á familia das súas responsabilidades. A súa planificación, coordinación e control correspóndenlle ao Departamento de Servizos Sociais do concello.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3.- O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.





g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo. 4º.- Contido do Servizo:

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.
- Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

Para as actividades de acompañamento fóra do fogar, como norma xeral, as saídas fóra do domicilio realizaranse cos medios propios do usuario/a, facendo a auxiliar, funcións de acompañamento e non de traslado.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Apoio á unidade familiar.
- Coidados básicos da vivenda.





Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.
- f) Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

-A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.





-Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo. 5º.- Persoas destinatarias:

1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

2.- En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3.- Con carácter xeral, os posibles usuarios serán:

- Persoas en situación de dependencia valoradas e que no seu Proxecto Individual de Atención teñan recoñecido o servizo segundo o disposto na Lei 39/2006 de 14 de decembro e poidan permanecer no seu domicilio sen requirir atención hospitalaria.
- Persoas maiores con déficits de autonomía.
- Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.
- Fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.
- Familias en grave estado de desestructuración familiar ou en risco de padecela.
- Cando, en xeral, exista unha situación de desatención familiar ou persoal, avaliada tecnicamente e que xustifique a intervención do servizo.

Ás adxudicacións do servizo aplicaráselle o límite que necesariamente se desprenda de criterios de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias:

As persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios, no marco dos dereitos que con carácter xeral se recollen no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e demais normativa vixente, terán dereito:

- a) A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- b) A accederen e utilizaren os servizos en condicións de igualdade e non discriminación.
- c) A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.





- d) A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- e) A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- f) A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- g) Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- h) A coñeceren a situación do seu expediente.
- i) A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
- j) Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora dos servizos sociais comunitarios.
- k) Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso o desenvolvemento da actividade dos servizos sociais comunitarios desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias:

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na legislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
- 3.- Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.





4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo ou programa, en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e colaborar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
9. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
10. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 8º. Causa de extinción e modificación do servizo:

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- A renuncia da persoa usuaria.
- O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- Falecemento da persoa usuaria.
- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- A falta reiterada de pagamento do servizo.
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.





3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 9º.-Causas de suspensión temporal do servizo ou redución horaria:

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrència e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Con respecto aos casos de libre concorrència, cando por necesidades do servizo sexa necesario ampliar o número de usuarios e se consideren prioritarios outros casos en consideración das súas circunstancias persoais, sociais, sanitarias, económicas, etc..., ou en función das dispoñibilidades económicas do exercicio. O prazo da baixa temporal acordarase por Resolución de Alcaldía, previo informe da traballadora social do Concello.

Procederase á revisión no número de horas prestadas a usuarios de libre concorrència, cando se detecte por parte da traballadora social responsable do SAF que o número de horas de servizo que se lle prestan xa non proceden debido á modificación das circunstancias que motivaron a alta do servizo.

O número de horas de prestación de servizo poderanse incrementar ou disminuir e xustificarse





cun informe-proposta da traballadora social municipal que precederá á Resolución de Alcaldía que dictará a resolución da nova proposta de servizo.

CAPÍTULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo:

1. O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Guitiriz, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 11º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exigible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención socio sanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención socio sanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3.- Outros profesionais:

Educador familiar, psicólogo, animador sociocultural, persoal sanitario, etc..., que intervirán para cada caso cunha programación específica, elaborada ao efecto con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo.





4.- O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

O Concello de Guitiriz, titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a) Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b) Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable que designe a entidade titular do servizo.
- c) Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria.
- d) Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento:

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Guitiriz, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa

CONCELLO DE GUITIRIZ. Rúa do Concello nº4, 27300 Guitiriz (Lugo). Teléfono: 982370109





de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:
 - a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante
 - III. Certificado de convivencia
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde
 - V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda ou no seu defecto certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita





domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.

- c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe-proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate de puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

- d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
- e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.
- f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

Denegación do Servizo:

As solicitudes de prestación do servizo de axuda no fogar poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

-Non reunir os requisitos de acceso establecidas na presente ordenanza.

Se unha solicitude é denegada o usuario non poderá presentar outra solicitude ata que haxa un cambio significativo na súa situación.

Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo.

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle

CONCELLO DE GUITIRIZ. Rúa do Concello nº4, 27300 Guitiriz (Lugo). Teléfono: 982370109





asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, sempre que exista disponibilidad horaria, ou dende que se aproba a súa solicitude na Xunta de Goberno Local, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ó perfil requerido para cada caso concreto e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo VII desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, do documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a





inspección dos servizos sociais en Galicia.

9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un Informe Técnico con proposta de resolución onde se valore a situación, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo VII desta ordenanza.
- Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Guitiriz (Traballador/a Social responsable de SAF) e a persoa usuaria, segundo o anexo V desta ordenanza.
- Informes de seguemento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 14º.- Intensidade da prestación do servizo:

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.
2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.
3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello e terá unha intensidade de atención non superior 52 horas/mes. Establécese como período semanal para a prestación destas horas de luns a venres, así coma os sábados en horario de mañá, se a necesidade está debidamente xustificada, quedando excluídas as fins de semana, festivos e horario nocturno.

Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración





contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.





Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel





correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5. No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referencia da ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que
CONCELLO DE GUITIRIZ. Rúa do Concello nº4, 27300 Guitiriz (Lugo). Teléfono: 982370109



Cod. Validación: 50ADP9YKXGIL7N6WJG3R5YNZ
 Corrección: https://guitiriz.selecciona.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 53 a 70



impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16º desta ordenanza; e según o establecido no Artigo único, punto 9 do Decreto 148/2014 do 6 de novembro polo que se modifica o Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. E sen prexuízo de que dito Decreto sufra futuras modificacións ás que haberá que adaptarse:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 IPREM	10%
Maior de 1,00 e menor ou igual a 1,20 IPREM	20%
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,80 IPREM	40%
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2,00 IPREM	50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	70%
Maior de 2,50 IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos:

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso os ingresos que recaden as corporacións locais de Galicia en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.



**Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago.

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, mensualmente.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 23º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo ós pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.





DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Facúltase aos servizos sociais comunitarios municipais, previo informe ao concelleiro delegado e/ou Alcaldía para resolver aquelas cuestións que relacionadas co Servicio de Axuda no Fogar poidan presentarse, e que non estean recollidas expresamente na presente Ordenanza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Guitiriz publicada no Boletín Oficial da Provincial o día 13 de abril de 2013.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.





ANEXO I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Don/Dona _____ con D.N.I. _____
nado o _____ E.C. _____ Enderezo _____
cobertura sanitaria _____ Teléfono _____.

Solicita:

a valoración do seu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, conforme a Normativa Municipal de aplicación deste servizo.

EXPOSICIÓN DE ATENCIÓNS QUE SE SOLICITAN:

- | | |
|----------------------------|---------------------------------|
| 1. Limpeza no fogar. | 8. Aseo persoal. |
| 2. Coidado de roupa. | 9. Compañía. |
| 3. Compras. | 10. Coidados socio-sanitarios. |
| 4. Preparación de comidas. | 11. Apoio psico-social. |
| 5. Actividades puntuais. | 12. Actividades socioculturais. |
| 6. Teleasistencia. | 13. Outros.(especificar). |
| 7. Paseo. | |

En Guitiriz, a ____ de _____ de _____.

ASDO: _____.

Sr/a. Alcalde/sa – Presidente/a do Concello de Guitiriz

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RÚA DO CONCELLO Nª4, 27.300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de omitirse algún tipo de información ou non nos informara correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable.

2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4. DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal cando exista unha obriga legal e a empresa contratada para desenvolver o servizo. No caso de solicitude de subvencións ou axudas económicas, os datos facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6. INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/politica-de-proteccion-de-datos>

CONCELLO DE GUITIRIZ. Rúa do Concello nº4, 27300 Guitiriz (Lugo). Teléfono: 982370109





ANEXO II

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (BLOQUE A)

SITUACIÓN	PUNTUACIÓN
Non existe posibilidade por parte de familiares directos a prestarlle axuda, xa sexa por inexistencia, incapacidade total ou residencia fóra do domicilio. Non recibindo axudas doutros familiares e veciños.	20 puntos
Percibe axuda de familiares ou veciños/as, pero é insuficiente, non existindo posibilidades de ampliación.	10 puntos
Elix libremente vivir só, podendo estar con algún familiar do que podería recibir atención e coidados.	5 puntos

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR (BLOQUE B)

1º MENORES.

SITUACIÓN	PUNTUACIÓN
Familia monoparental con cargas familiares non compartidas.	5 puntos
Enfermidade crónica, minusvalía ou hospitalización.	5 puntos
Horario laboral incompatible con atención adecuada.	5 puntos
Non existe ningunha posibilidade por parte dos familiares directos de prestar axuda, xa sexa por inexistencia, incapacidade total ou residir fóra do municipio.	20 puntos





2º FAMILIAS DESESTABILIZADAS E/OU PROBLEMÁTICAS.

- Por problemas de relación entre os seus membros.
- Falla de hábitos axeitados de convivencia.
- Dificultades de relación co entorno social.
- Os pais non asumen o rol axeitado.
- Carentes de hábitos higiénicos, nutrición, escolares.
- Falta de formación para o desenvolvemento das ABVD.

TOTAL.....35 puntos.

AUTONOMÍA PERSOAL (BLOQUE A)

	Normalmente-0	Con dificultade-1	Non pode-2
Pode limpiarse e fregar a casa			
Pode lavar, tender e planchar			
Pode cociñar e fregar os pratos			
Pode realizar compras			
Pode realizar xestións, ir ó banco, ó médico, etc.			
Pode erguírse, deitarse na cama, erguírse e sentarse nunha cadeira			
Pode asearse e bañarse			
Pode espírse e vestirse			
Control de esfínteres, uso do WC			
Mantén unha actitude coherente			
Pode manexar os aparellos de calefacción, auga quente, interruptores da luz, etc.			

Solicitante: A

Cónxuxe/outros: B

Cod. Validación: 5OADZ9YKXGIL7N6WJG3RSYNZ
 Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 59 a 70





ANEXO III

INFORME TÉCNICO - PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Nº Expte _____

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome _____ Apellidos _____

D.N.I. _____ Estado Civil _____ Idade _____

Á vista da documentación aportada polo solicitante, e trala visita domiciliaria e entrevistas realizadas, emítese a seguinte valoración:

Situación económica:

Total ingresos: _____

Puntuación baremo: _____

Pago servizo: _____

Situación familiar:

BLOQUE A

Circunstancia 1 _____

Circunstancia 2 _____

Circunstancia 3 _____

Puntuación baremo _____

BLOQUE B

Menores 1 _____ Familias _____

Menores 2 _____

Menores 3 _____ Nº de fillos

Menores 4 _____ menores _____

Puntuación baremo _____

Autonomía persoal:

1. _____

5. _____

9. _____

2. _____

6. _____

10. _____

3. _____

7. _____

11. _____

4. _____

8. _____

Total: _____

TOTAL PUNTUACIÓN: _____

En consecuencia, a Traballador/a Social propón á Alcaldía a seguinte resolución:





CONCEDER a Don/Dona _____ o Servizo de Axuda no Fogar solicitado, por reunir tódolos requisitos establecidos e dacordo ós seguintes detalles de contados prestacionais, aportación económica, duración do servizo e revisión do mesmo:

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

DENEGAR a Don/Dona _____ o Servizo de Axuda no Fogar solicitado, por non reunir os requisitos establecidos para tal fin e que se especifican:

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

Non obstante, a Alcaldía adoptará a resolución que estime oportuna.

Guitiriz, a ____ de _____ de _____.

ASDO: _____

O/a Traballador/a Social





ANEXO IV - INFORME MÉDICO

Recoñecemento efectuado polo Doutor/a _____

Col. nº _____ de _____ médico de _____ ó solicitante de Centro

de Día / SAF _____.

Data DÍA MES ANO
recoñecemento

Padece enfermidade infecto-contaxiosa activa	SI	NON
Encóntrase inmovilizado na cama, necesitando coidados médicos de forma permanente	SI	NON
Presenta trastornos psíquicos graves que que poidan producir alteracións na convivencia	SI	NON

SITUACIÓN FÍSICA	SOLICITANTE
Válese por sí mesmo, no seu aspecto físico, para o desenrolo das ABVD.(Indicar: 1-Si; 2-Non).	
Limitacións no campo visual e/ou auditivo.(Indicar: 1-Leves; 2-Importantes; 3-Totais).	
Incontinencia vesical:(Indicar: 1-Continente; 2-Ocasionalmente incontinente; 3-Frecuentemente incontinente; 4 -Incontinente). Especificar uso de : a)Cueiros; b)Sondas.	
Incontinencia intestinal:(Indicar: 1-Continente; 2-Ocasionalmente incontinente; 3-Frecuentemente incontinente; 4 -Incontinente).	
Dificultade do manexo das extremidades superiores.(Indicar: 1-Leve; 2-Importante; 3-Total).	
Dificultade do manexo das extremidades inferiores.(Indicar: 1-Leve; 2-Importante; 3-Total). Especificar uso de: a)Bastón; b)Andador; c)Silla de rodas.	
Dificultade respiratoria.(Indicar: 1-Leve; 2-De moderada a severa).	
Úlceras por presión: (Indicar: 1- Non hai úlceras; 2- Arroibamento persistente da pel, sen ruptura; 3- Perda parcial das capas da pel; 4- perda total da pel; 5- Perda total da pel e do tecido subcutáneo).	





SITUACIÓN PSÍQUICA	SOLICITANTE
Válese por sí mesmo, no seu aspecto psíquico, para o desenrolo das ABVD.(Indicar: 1-Si; 2-Non).	
Desorientación tempo-espacial:Indicar se ten trastornos: (1-Leves ou de forma esporádica; 2-Importantes ou de forma habitual; 3-Desorientación total).	
Alteracións da percepción.(Indicar se son: 1-Leves; 2-Moderadas; 3-Importantes).	
Incoherencias na comunicación.(Indicar se son: 1-Lixeiras; 2-Frecuentes; 3-Totais).	
Descontrol emocional.(Indicar se é: 1-Lixeiro; 2-Importante; 3-Total).	
Trastornos da memoria.(Indicar si son: 1-Leves; 2-Moderados; 3-Graves).	
Trastornos da conducta.(Indicar se son: 1-Leves; 2-Moderados; 3-Graves).	

OBSERVACIÓNS (Explicar, no caso de que se considere oportuno, a patoloxía actual, incluíndo diagnóstico, tratamento e dietas especiais):

Guitiriz, a ___ de _____ de _____.

Sinatura,

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos , informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4 ,27.300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de omitirse algún tipo de información ou non nos informara correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable.

2.PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4.DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal cando exista unha obriga legal e a empresa contratada para desenvolver o servizo. No caso de solicitude de subvencións ou axudas económicas, os datos facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6.INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/política-de-protección-de-datos>

CONCELLO DE GUITIRIZ. Rúa do Concello nº4, 27300 Guitiriz (Lugo). Teléfono: 982370109





ANEXO V
ACORDO DE SERVIZO

CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.)
USUARIOS DE DEPENDENCIA

Reunidos en Guitiriz, dunha parte D. _____
DNI número _____ Domiciliado en _____
E doutra _____, en calidade de Traballador/a Social do Concello de Guitiriz, Técnico responsable do servizo de axuda no fogar.

ACORDAN:

1.- Que o Concello de Guitiriz prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día ___ de _____ de _____, e con carácter indefinido.

2.-Que a persoa usuaria ten recoñecido por Resolución do Programa Individual de Atención, unha intensidade de _____ horas mensuais.

3.- Que o SAF se levará a cabo por un total de _____ horas efectivas mensuais, distribuídas semanalmente nos seguintes días: _____.

4.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, á Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do servizo e, a capacidade económica de _____ €, da persoa usuaria, correspóndelle aboar a cantidade de _____ € por cada hora de servizo prestada.

5.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axudan na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia.
- Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria (trámites de carácter administrativo, xudicial, consultas médicas..etc)

7.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo,deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.





8.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, suspensións temporais e causas de extinción.

9.- Que se informa á persoa usuaria do dereito que lle asiste a recibir o servizo todos os días da semana, incluíndo domingos e días declarados festivos.

10.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

11.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

En Guitiriz, a _____ de _____ de _____

ASDO: A persoa usuaria

ASDO: Representante da entidade
ou Traballador/a social

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4, 27.300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de omitirse algún tipo de información ou non nos informara correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable.

2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4. DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal cando exista unha obriga legal e a empresa contratada para desenvolver o servizo. No caso de solicitude de subvencións ou axudas económicas, os datos facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6. INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/politica-de-proteccion-de-datos>





**CONTRATO DE ACEPTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.)
LIBRE CONCORRENCIA**

Reunidos en Guitiriz, dunha parte D. _____

DNI número _____ domiciliado en _____.

E doutra _____, en calidade de Traballador/a Social do Concello de Guitiriz, Técnico responsable do Servizo de Axuda no Fogar.

ACORDAN:

1.- Que o Concello de Guitiriz prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día ___ de _____ de _____. A prestación do servizo realizarase por un prazo de _____ con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do Departamento de Servizos Sociais.

2.-. Que a persoa usuaria ten recoñecido por Decreto da Alcaldía, unha intensidade de _____ horas mensuais. Que as citadas horas distribuiranse semanalmente nos seguintes días:
_____.

3.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, á Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula as taxas do SAF, e a aplicación do baremo que corresponde, a unidade de convivencia conta cunha capacidade económica de _____ euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de _____% sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de _____ euros mensuais polo total de horas prestadas.

4.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto tres, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

5.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

- Atencions de carácter persoal.
- Atencions de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar).
- Atencions de carácter de apoio psicosocial e educativo.
- Atencions de carácter técnico e complementario.
- Atencions de carácter doméstico e da vivenda.

6.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

7.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na Ordenanza Municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, as suspensións ou extincións do servizo.





8.- Que existe un libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

9.- Que co presente acordo do servizo se lle entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e asínano.

En Guitiriz, a _____ de _____ de _____

ASDO: A persoa usuaria

ASDO: Representante da entidade
ou Traballador/a social

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4, 27.300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de omitirse algún tipo de información ou non nos informara correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable.

2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4. DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal cando exista unha obriga legal e a empresa contratada para desenvolver o servizo. No caso de solicitude de subvencións ou axudas económicas, os datos facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6. INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/política-de-protección-de-datos>

CONCELLO DE GUITIRIZ. Rúa do Concello nº4, 27300 Guitiriz (Lugo). Teléfono: 982370109





ANEXO VI
IMPRESO/INSTANCIA DE BAIXA VOLUNTARIA-RENUNCIA

Eu Don/a _____ con DNI nº _____ e
endereço en _____.

Tras ser informado da concesión do Servizo de Axuda no Fogar cunha intensidade de _____ á
semán;

RENUNCIO: _____

_____ quedando o Servizo de Axuda no Fogar
coas seguintes características:

TAREFAS: _____

DÍAS: _____

HORAS / SEMÁN: _____

PREZO A PAGAR:

* Concello: _____ €/mes.

* Persoa usuaria: _____ €/mes.

En Guitiriz, a _____ de _____ de _____.

ASDO: _____.

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4, 27.300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de omitirse algún tipo de información ou non nos informara correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable.

2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4. DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal cando exista unha obriga legal e a empresa contratada para desenvolver o servizo. No caso de solicitude de subvencións ou axudas económicas, os datos facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6. INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/politica-de-proteccion-de-datos>

CONCELLO DE GUITIRIZ. Rúa do Concello nº4, 27300 Guitiriz (Lugo). Teléfono: 982370109





ANEXO VII

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do expediente:

Nome e apelidos		
DNI	Sexo	Data nacemento
Enderezo		
Data de elaboración do proxecto:	Proxecto elaborado por:	Posto/perfil profesional

Tipoloxía do servizo a prestar:

Modalidade	Grao/nivel	Horas concedidas	Horas semanais

AVALIACIÓN PREVIA AO INICIO DO SERVIZO

Antecedentes relevantes en relación a persoa usuaria e a súa familia:

2. Días da semana e horario concreto da prestación do servizo:

Horario	LUNS	MART	MERC	XOV	VENR	SAB	DOM

Tipo de atencións a prestar

Atencións de carácter persoal		
Atencións de carácter doméstico		
Atencións de carácter complementario		
Atencións de carácter psicosocial e educativo		

Perfil dos/as profesionais:

Traballador/a social do concello:

Auxiliar de axuda a domicilio:

3. Existencia doutros servizos/apoios:

Existencia:

Servizos / apoios:

Nº horas semanas:

4. Obxectivos do servizo proposto:

Nivel individual	
Nivel familiar	
Nivel social	





Outros obxectivos	

5. **Desglose das tarefas básicas a realizar:**

6. **Seguimentos no domicilio da persoa sempre que sexa necesario e, como mínimo, cada dous meses.**

Asinado en Guitiriz, na data _____

Recibín copia: persoa usuaria/
representante legal

Responsable da entidade/traballador social

Recibín copia: auxiliar asignada

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos , informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , coa dirección RÚA DO CONCELLO Nº4 ,27.300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de omitirse algún tipo de información ou non nos informara correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable.

2.PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4.DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal cando exista unha obriga legal e a empresa contratada para desenvolver o servizo. No caso de solicitude de subvencións ou axudas económicas, os datos facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5. DEREITOS: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6.INFORMACION ADICIONAL: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/política-de-protección-de-datos>

